

## ID#102

A Fontaneira – Baleira, 1978

**Informante:** Florencio López Fernández, “o cego dos Vilares”

**Compilador:** César Álvarez

**Colección** de Xosé Luís Rivas e Baldomero Iglesias

**Transcripción:** X.L. Rivas, rev. S. de la Ossa

1. I el chamábase Cristovo  
un día vendeu a gaita  
enfadóuselle a rapaza  
porque lle facía falta.
2. Pois non te enfades muller  
porque che vendín a gaita  
vindina porque era vella  
estaba toda estropeada.
3. Pois boa cousa ficeches  
seique te tentou o demo  
xa podes marchar da casa  
que eu sin gaita non te quero.
4. Pois non te asustes muller  
porque che vendín a gaita  
hei de comprar outra nova  
anque empeñemo-la casa.
5. Ó outro día o Cristovo  
veu ó oscurecer prá casa  
saliull'a muller á porta  
por ver se levaba a gaita.
6. E esí que lle viu a nova  
botoulle a mao ó punteiro  
esta si que che é curiosa  
tirulero, meu gaiteiro.
7. Pois entonces mia muller  
heiche de tocar un pouco  
bailarému-la muiñeira  
sóo permite san Antonio.

